

Cando falamos do grupo Nós, estamos a referirnos ao chamado cenáculo ourensán: Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas; Castelao, se ben pertence á mesma xeración, posúe unhas características que o diferencian do grupo ourensán. O nome do grupo Nós vén dado polo título da revista que editaron entre 1920 e 1936.

Os homes de Nós representan unha xeración de «inadaptados» que non atopan acomodo no mundo que lles tocou vivir. Nese sentido séntense inconformistas, insatisfeitos e cheos de rebeldía. Procuran algo «diferente» e nun primeiro momento atópano nas culturas alleas e exóticas, no ocultismo, no esoterismo..., ata que se decatan de que o que procuran está no seu arredor, descubrindo a cultura galega e achegándose ao galeguismo.

Desde esta actitude foron quen de europeizar a cultura galega e, ao tempo, conseguiron universalizala para dialogar con outras culturas e situarse no mundo desde a nosa propia idiosincrasia.

O labor do grupo Nós

Desde a completa formación intelectual e a vocación pedagóxica que os caracterizaba, os homes de Nós intentaron modificar e modernizar o pensamento e as actitudes da sociedade galega.

Consideraban Galicia como un pobo diferenciado que foi quen de crear e conservar unha cultura propia ao longo da historia. Crían que a súa misión como intelectuais comprometidos coa súa terra era a de elevar esa cultura a un nivel semellante ao das culturas do seu contorno, nomeadamente as europeas.

Con ese propósito crearon a revista *Nós*, un fito na historia da nosa cultura, que sería a que lle deu nome ao grupo. O número 1 saíu en 1920 e o 144, o derradeiro, en 1936. A revista, dirixida por Vicente Risco, marcou un paso definitivo na madurez da moderna cultura galega, comprometida co futuro de Galicia e ao tempo aberta ao exterior.

Nós acolleu con rigor e brillantez a arqueoloxía, a historia, a etnografía e a creación literaria. A prosa e o ensaio acadaron nesta altura un nivel nunca antes conseguido. Desde as súas páxinas, propiciaron a información e o intercambio con outras culturas, en liña coa idea de diálogo universalista que defendían.

FEITOS HISTÓRICOS

- 1914 - Final da guerra de Marrocos.
- 1929 - Caída da bolsa de Nova York.
- 1930 - Dimisión de Primo de Rivera.
- 1931 - Proclamación da II República en España.
 - Anteproxecto de Estatuto de Autonomía.
 - Fundación do Partido Galeguista.
- 1933 - Vitoria de Hitler en Alemaña.
- 1934 - Revolución de Asturias.
- 1936 - Vitoria da Fronte Popular nas eleccións.
 - Aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia.
 - Comezo da Guerra Civil.

nós